

The page features a decorative graphic on the right side consisting of three blue circles of varying sizes, each with a lighter blue ring around its center. Two thin blue lines intersect at the top right, forming a large 'V' shape that frames the circles. The text is positioned on the left side of the page.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

C.E.I.P. PLURILINGÜE PONTE DO PORTO
(Camariñas)

CURSO 2022/2023

ÍNDICE:

1.- INTRODUCCIÓN

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

3.- A FUNCIÓN TITORIAL

4.- O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL NO ENTRAMADO ORGANIZATIVO DO CENTRO

5.- CONTIDOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

6.- OBXECTIVOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

6.1.-Atención ao alumnado

6.2.-Atención ao profesorado

6.3.-Atención ás familias

6.4.-Colaboración cos servizos e institucións externas

7.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS XERAIS DO PLAN

7.1.-Actividades de acollida e integración do alumnado

7.2.-Actividades para mellorar as relacións coas familias

7.3.-Actividades de atención ás necesidades educativas do alumnado

7.4.-Actividades de organización da aula para favorecer un clima axeitado para a convivencia e o traballo escolar

7.5.-Actividades para desenvolver actitudes, hábitos, estratexias e técnicas de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe “aprendendo a aprender”

7.6.-Actividades para a coordinación do profesorado diante da función titorial

8.- CONCRECIÓN DE ACTUACIÓNS DO PLAN EN CADA CICLO

8.1.- Actuacións comúns a tódolos ciclos

8.2.- Actuacións no 2º ciclo de educación infantil

8.3.- Actuacións no 1º ciclo de educación primaria

8.4.- Actuacións no 2º ciclo de educación primaria

8.5.- Actuacións no 3º ciclo de educación primaria

9.- CONTRIBUCIÓN DO DEP. DE ORIENTACIÓN Á REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

10.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

1.- INTRODUCCIÓN:

A función docente ten por obxecto o desenvolvemento integral do alumnado, un desenvolvemento que implica, por parte do profesorado, o exercicio da función titorial. A acción titorial é o primeiro nivel da orientación no centro e o máis directamente relacionado co alumno/a e a súa familia. É a concreción, por parte de cada profesor/a, da actividade orientadora do centro escolar.

O Departamento de Orientación será o encargado de apoiar, asesorar e colaborar neste proceso, axudando a estruturar e organizar a función orientadora e titorial do profesorado. Trátase dun proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a toda a comunidade educativa, con especial énfase na prevención e no desenvolvemento persoal, social e curricular, que se realiza ao longo de todo o proceso de ensino – aprendizaxe, coa implicación de todos os axentes educativos e sociais.

O Plan de Acción Titorial (PAT) é a resposta que, de modo sistemático, intencional e coordinado, lévaa a cabo o centro para poder concretar dita función titorial, tanto desde o ámbito grupal como desde o ámbito individual. É o documento marco que artella como se van desenvolver as actuacións do profesorado na relación co alumnado e ás súas familias, polo que todo o persoal docente está implicado na planificación, aplicación, avaliación e revisión do mesmo.

Todo o profesorado do centro ten a responsabilidade de levar a cabo tarefas de acción titorial, pero a coordinación destas debe estar centrada no profesor titor/a do grupo de alumnos/as, que será o responsable directo da labor titorial, desempeñando o papel de mediador entre o alumnado, o equipo docente e as familias, cunhas tarefas específicas reguladas pola normativa. O Plan de Acción Titorial forma parte co-substancial do Proxecto Educativo do centro (PE). Ten como finalidade garantir a todo o alumnado, desde que ingresa ata que abandona o colexio, unha orientación educativa continua coordinada e adecuada ao su nivel de desenvolvemento, froito dunha decisión consensuada e vinculada á acción global do centro. En consecuencia, establécense unha serie de actuacións, debidamente planificadas e cun seguimento regular, que permite o seu re-axuste, que cada un dos ciclos e/ou etapas desenvolve, xunto cos programas específicos de intervención que complementan e enriquecen estas accións de carácter xeral.

A maioría das actividades poden integrarse na programación de cada área, mais algunhas precisan un tempo específico planificado de antemán. Estes tempos pódese establecer libremente o titor/a tratando de dedicar un tempo semanal para a aplicación das actividades do PAT, buscando o menor prexuízo das outras materias. No PAT especificaranse os criterios e procedementos para a organización da titoría e programaranse e secuenciaranse as actividades, deseñadas segundo as necesidades do alumnado e do centro, en tempos específicos. A acción titorial na educación infantil e primaria realizarase mediante tres vías de atención, principalmente:

1. A acción diaria dos docentes na aula.

2. A educación en valores con carácter transversal concretadas no proxecto curricular de cada área.
3. As actividades específicas recollidas no Plan de Acción Titorial.

2.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

O noso centro educativo está situado na localidade de Ponte do Porto, pertencente ao concello de Camariñas, na provincia de A Coruña. Camariñas é un concello costeiro, encravado na Costa da Morte (Terra de Soneira), con máis de 5000 habitantes. En Ponte do Porto hai censados uns 770 habitantes. Este concello está estreitamente ligada á actividade no mar. A pesca e o marisqueo son a principal fonte de riqueza na zona. Tamén a agricultura e a gandería son sectores económicos importantes no concello, así como a artesanía, concretamente o encaixe de Camariñas, recoñecido mundialmente. A historia recente da poboación está ligada a un fluxo de migración cara países europeos como Suíza e Alemania, así como á volta de moitas familias nos últimos anos. Tamén cada vez é maior o número de habitantes estranxeiros que se instalan no concello procedentes de países como Marrocos, Brasil, Senegal, etc.

A acción titorial está intrínsecamente vinculada á función docente. A titoría convírtese no eixe da función orientadora, ao entender a orientación como o acompañamento e o asesoramento do alumnado ao longo do período escolar como un proceso continuo e dirixido ao desenvolvemento integral de todo o alumnado e a tódolos niveis. Desde esta perspectiva, entenderemos as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc. Partimos do convencemento de que nas nosas aulas non hai un “alumnado tipo”, nin hai que planificar e explicar para a media da clase; cada vez está máis claro que cada alumno/a é único/a e diverso/a, polo tanto, así debe ser considerado á hora de poñer en marcha o proceso de ensino-aprendizaxe máis adecuado para cada un/unha.

O centro de educación infantil e primaria plurilingüe Ponte do Porto, é un colexio de liña 1, con 9 aulas en total, 3 onde se imparten o 2º ciclo de educación infantil, e 6 de primaria. No presente curso académico 2022/23 hai 157 alumnos/as matriculados/as en ambas etapas. O total de profesionais que atenden ao alumnado é de 20.

A maioría dos alumnos/as proceden do ámbito rural e hai un significativo porcentaxe de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: sobretudo dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades, incorporación tardía ao sistema escolar, trastornos de conduta, así como, condicións persoais e de historia escolar.

As familias en xeral amosan unha actitude colaboradora co centro educativo e están implicadas no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.

Mencionar que temos dous centros adscritos que son o C.E.I.P. de Camelle, onde se imparte o 2º ciclo de infantil e 1º ciclo de primaria; e a E.E.I. de Carnés onde se imparte únicamente o 2º ciclo de educación infantil.

A posto da xefa do departamento de orientación é itinerante, e polo tanto, compartida con CEIP O Areal de Camariñas, 3 días neste centro e 2 no centro O Areal. Tamén as dúas especialistas en audición e linguaxe son postos itinerantes, un deles compartido co CEIP San Vincenzo de Vimianzo, e a outra co CEIP O Areal de Camariñas, ambas acoden ao noso centro 2 días da semana. O Instituto de Educación Secundaria ao que estamos adscritos é o IES Pedra da Aguia da localidade de Ponte do Porto.

3.-A FUNCIÓN TITORIAL:

A acción titorial do centro compromete á totalidade do profesorado no marco dunha actuación colectiva e debidamente coordinada. O seu desenvolvemento abrangue tanto o ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe como o relativo ao desenvolvemento persoal. Por iso, este proceso está condicionado á realidade do noso contexto, o que determinará a elección dos obxectivos a acadar e as actuacións específicas para o seu logro. O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, da Consellería de Educación e O.U, no seu artigo 81 establece que cada mestre titor/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- Proporcionar no principio de curso ós alumnos e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

- Coñece-las características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

- Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.

- Informa-los alumnos do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilita-la competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.

- Facilita-la integración do alumnado no grupo e foménta-la súa participación nas actividades do centro.

- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.

- Orienta-los alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Orienta-las demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informa-lo equipo de profesores do grupo de alumnos das características especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- Coordina-las adaptacións, curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- Coordina-lo proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adopta-la decisión que proceda referente a promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais ou titores legais.
- Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Facilita-la cooperación educativa entre os profesores e os país dos alumnos.
- Fomenta-la colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- Controla-la falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados ós país ou titores legais e ó xefe de estudos.
- Atender xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres permanecen no centros nos períodos de lecer.
- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.
- De se-lo caso, organizar e presidi-las sesións de avaliación.
- Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

Todas estas funcións, poderían agruparse en tres ámbitos de intervención:

- No ámbito do alumnado.
- No ámbito das familias.
- Intervención co resto do equipo docente que intervén no grupo-clase.

4.- O P.A.T. NO ENTRAMADO ORGANIZATIVO DO CENTRO:

O centro educativo é unha estrutura na que os seus elementos deben organizarse dun modo global e planificado para conseguir un óptimo aproveitamento dos recursos e unha atención ao alumnado de calidade. Estas implicacións organizativas van afectar ao desenvolvemento do PAT no seu conxunto, polo que é preciso que exista un enfoque de centro claro, definido, consensuado e aceptado por todas as persoas implicadas no plan. Ter definidas de xeito explícito as distintas responsabilidades e como se articulan as diferentes formas de intervención implica un compromiso na acción titorial que require un traballo en conxunto. Por iso, para que a Acción Titorial sexa unha realidade é imprescindible a comunicación e coordinación entre o profesorado. É preciso establecer sesións periódicas de coordinación que permitan marcar unha liña xeral coherente de actuación no ciclo ou nivel en relación coas actividades de titoría do grupo-clase, favorecendo a atención á diversidade, a relación coas familias, os criterios para a avaliación do alumnado, o encauzamento das demandas e inquietudes do alumnado e as actividades de formación para o profesorado, entre outras.

Todo isto levarase a cabo nas distintas reunións do centro: claustro, ciclos, CCP e Departamento de Orientación. Cando menos unha vez ao trimestre, deixarase un tempo para reflexionar sobre a marcha do PAT en reunións de ciclo e, de xeito extraordinario, nunha sesión de la CCP. A estrutura organizativa debe ser preventiva co fin de optimizar recursos e servizos, anticipando problemas e traballando coordinadamente de xeito interno e coas familias.

5.-CONTIDOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

| | |
|---------------------------|--|
| O desenvolvemento persoal | <ul style="list-style-type: none">• Autocoñecemento<ul style="list-style-type: none">○ Autoconcepto○ Autoestima○ Autocontrol○ Relaxación○ Sexualidade• Sentimentos e as emocións<ul style="list-style-type: none">○ Recoñecemento e expresión○ Control emocional e autorregulación (Prog. RETO)• Identidade persoal<ul style="list-style-type: none">○ Identidade de xénero○ Identidade cultural• Potenciación de capacidades<ul style="list-style-type: none">○ Coñecemento das propias potencialidades e carencias.○ Diferentes capacidades e intelixencias. |
|---------------------------|--|

| | |
|--|--|
| <p>As relacións cos demais</p> | <ul style="list-style-type: none"> • O grupo <ul style="list-style-type: none"> ○ Análise dos grupos ○ A acollida ○ A integración no grupo • As relacións cos outros <ul style="list-style-type: none"> ○ Os dereitos humanos. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Inter-culturalidade. ▪ Diversidade. ▪ Sensibilidade e compromiso cos máis débiles. ○ As normas de convivencia ○ Organización e funcionamento da clase ○ Establecemento das normas do aula e coñecemento das do centro ○ Potenciación do grupo-aula ○ O diálogo e a conversa • Habilidades sociais <ul style="list-style-type: none"> ○ Habilidades comunicativas ○ A empatía • O conflito <ul style="list-style-type: none"> ○ Tipos de conflitos ○ Estratexias de resolución (Recunchos da Amizade) ○ Mediación (O banco da Paz) ○ Axuda entre iguais (Mediadores da paz) ○ O acoso e cibercoso (educ. dixital) |
| <p>O proceso de ensino-aprendizaxe</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Organización e planificación do estudo <ul style="list-style-type: none"> ○ Hábitos de traballo: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Axenda ▪ Condicións ambientais ▪ Normas de traballo nas diferentes áreas • Motivación, esforzo e rendemento • Estratexias para ensinar a pensar nas diferentes áreas: <ul style="list-style-type: none"> ○ Resolución de problemas ○ Creatividade ○ Meta-cognición ○ Rutinas de pensamento ○ Razoamento ○ Concentración ○ Memorización |

6.- OBXECTIVOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

6.1. Atención ao alumnado :

- Coñecer as características dos alumnos/as a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar, coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- Facilitar a integración de cada alumno/a no grupo, fomentando unha actitude participativa no mesmo.
- Favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
- Adecuar a resposta educativa para proceder á toma de medidas de atención á diversidade.
- Proporcionar ao alumnado unha intervención educativa adecuada conforme ás súas aptitudes, necesidades e intereses, a través dunha acción tutorial e orientadora individualizada e planificada.
- Garantir unha guía e axuda personalizada ao alumnado, especialmente a aqueles que presenten necesidades específicas de apoio educativo.
- Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PE.
- Contribuír a unha adecuada relación e interacción coa comunidade educativa, fomentando actitudes de respecto e tolerancia cara a todos e todas.

6.2. Atención ao profesorado

- Establecer unha liña de comunicación e información permanente entre o equipo docente do grupo de alumnos/as, posibilitando unha estreita coordinación co resto do profesorado que incide no seu grupo-clase.
- Facilitar toda a información relevante que como titor/a teña de cada alumno/a.
- Coordinarse co equipo docente do seu ciclo e dos outros ciclos.
- Contribuír á mellora da coordinación e asegurar a continuidade educativa do alumnado entre os distintos ciclos e/ou etapas e, no caso, na transición dun centro a outro.
- Fomentar unha metodoloxía educativa por parte dos equipos docentes baseada nas fortalezas do alumnado, nas experiencias de aprendizaxe e na aprendizaxe significativa.
- Prever as dificultades de aprendizaxe evitando , no posible, o baixo rendemento, fracaso e inadaptación escolar.
- Buscar respostas educativas abertas en primeira instancia que impliquen a avaliación da metodoloxía, do contexto, a diversificación da avaliación, a flexibilidade.
- Integrar progresivamente as técnicas e estratexias de traballo intelectual no proceso de aprendizaxe interiorizando un método persoal de traballo.
- Implicar a todo o equipo docente nestas actividades para que sexan planificadas e plenamente desenvolvidas nas diferentes áreas.

- Colaborar co Departamento de Orientación educativa do centro.
- Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, baixo a coordinación co equipo directivo e co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.
- Coordinar o proceso avaliador do alumnado.

6.3. Atención ás familias

- Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Facilitar o intercambio de información cos pais a través dos medios que a Xunta nos proporciona como a aplicación ABALAR, e a axenda, as titorías, o correo electrónico, o teléfono do centro, etc.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos/as, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado- profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.

6.4. Obxectivos referidos á colaboración cos servizos e institucións externas ao centro

- Colaborar cos servizos sociais do Concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen.
- Colaborar cos servizos sanitarios dos que fagan uso algúns dos nosos alumnos/as: pediatría, saúde mental, fisioterapia, etc.
- Colaborar con outros servizos, institucións ou asociacións cando sexa preciso.

Sempre coa autorización da familia asinada para compartir información con centros privados que atendan ao alumno/a en cuestión.

7.- CONCRECIÓN DE ACTUACIÓNS XERAIS DO P.A.T.:

7.1.-Actividades de acollida e integración do alumnado:

| OBXECTIVOS | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ∞ Coñecer as características dos alumnos/as a nivel persoal, familiar, socio-ambiental e escolar, coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral. ∞ Facilitar a integración de cada alumno/a no grupo, fomentando unha actitude participativa no mesmo. ∞ Favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo. | |
| ACTUACIÓNS | RESPONSABLES |
| 1. Recollida de información existente nos arquivos do centro: datos persoais e familiares; datos relevantes sobre a súa historia familiar e escolar; características persoais: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe, adaptación persoal familiar, social | Titores/as Secretaria Orientadora |

| | |
|---|--|
| e integración no grupo -clase.; competencia curricular; necesidades educativas. 2. Coordinación co profesorado do curso anterior | |
| 1. Avaliación inicial 2. Estudio das características do grupo: estrutura, dinámica, adaptación, motivación, niveis de aprendizaxe, necesidades educativas | Titor/a Mestres especialistas |
| 1. Primeiro contacto do titor coas familia para establecer canles fluídos de comunicación; crear un vínculo que permita a adecuada colaboración familia- escola; actualizar datos da contorna familiar que poidan afectar ao desenvolvemento do alumno/a. | Titor/a Familias |
| 1. Actividades de acollida de novo alumnado de 3 anos 2. Actividades de acollida doutro alumnado. | Titor/a Especialistas Orientadora |
| ACTIVIDADES | TEMPORALIDADE |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Lectura de expedientes de cada alumno/a. ✓ Actualización nas carpetas individuais de titoría da información de cada alumno. ✓ Recollida de información sobre o alumnado. | Días previos ao comezo das clases en Setembro. |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Probas de avaliación inicial. ✓ Observación das interaccións. ✓ Dinámicas de coñecemento, relacións, gustos, intereses.. | Mes de Setembro |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Entrevista inicial individual coas familias para completar a información da carpeta de titoría. | Entre Setembro e Outubro |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Período de adaptación en E. Infantil 3 anos. ✓ Actividades encamiñadas ao coñecemento da situación de cada alumno/a no grupo; á integración e cohesión grupal. | De Xuño a Setembro |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Plan de acollida. ✓ Actividades de presentación do alumnado, coñecemento mutuo. ✓ Exercicios para favorecer a relación e integración grupal. ✓ Coñecemento do centro e da aula. ✓ Información ao alumnado sobre normas, normas de aula. | Momento do ingreso no centro |

7.2.- Actividades para mellorar as relacións coas familias:

| | |
|--|--|
| OBXECTIVOS | |
| <ul style="list-style-type: none"> ∞ Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as. ∞ Facilitar o intercambio de información cos pais. ∞ Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos/as, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe. | |
| ACTUACIÓNS | RESPONSABLES |
| 1. Reunións xerais. 2. Entrevistas individuais. 3. Elaboración de documentos informativos. | Equipo de ciclo Titores/as Equipo directivo Orientadora |
| ACTIVIDADES | TEMPORALIDADE |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Reunións colectivas ao comezar o curso académico. ✓ Preparación e posta en práctica das reunión de pais e nais, elaborando unha proposta de puntos a tratar. | Setembro- Outubro |

| | |
|---|--------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Entrevista individual coas familias, previa cita, mínimo no primeiro trimestre, aínda que procurárase ter titorías trimestrais. ✓ Entrevista individual á demanda do titor/a tras un incidente ou conflito. ✓ Entrevista individual á demanda do titor/a ou as familias por dificultades graves de aprendizaxe ou de conduta. | Martes pola tarde de 17 a 18h. |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Elaboración de documentos divulgativos nos que, cunha linguaxe clara, se lles permita ás familias coñecer tanto, os aspectos organizativos como os metodolóxicos do centro, especialmente os relacionados coa convivencia. | Segundo planificación na PXA. |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Reunións coas familias sobre temas de interese na educación dos seus fillos/as. | Data marcada a tal efecto |

7.3.- Actividades de atención ás necesidades educativas do alumnado:

| OBXECTIVOS | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ∞ Proporcionar ao alumnado unha intervención educativa adecuada conforme ás súas aptitudes, necesidades e intereses, a través dunha acción titorial e orientadora individualizada e planificada. ∞ Fomentar unha metodoloxía educativa por parte dos equipos docentes baseada nas fortalezas do alumnado, nas experiencias de aprendizaxe e na aprendizaxe significativa. ∞ Garantir unha guía e axuda personalizada, especialmente a aqueles que presenten necesidades específicas de apoio educativo... ∞ Prever as dificultades de aprendizaxe evitando , no posible, o baixo rendemento, fracaso e inadaptación escolar. ∞ Buscar respostas educativas abertas en primeira instancia que impliquen a avaliación da metodoloxía, do contexto, a diversificación da avaliación, a flexibilidade. ∞ Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación. ∞ Adecuar a resposta educativa para proceder á toma de medidas de atención á diversidade. ∞ Implicar a todo o equipo docente nestas actividades para que sexan planificadas e plenamente desenvolvidas nas diferentes áreas. ∞ Colaborar co Departamento de Orientación educativa do centro. ∞ Colaborar cos servizos sociais e sanitarios do Concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen. ∞ Colaborar con outros servizos, institucións ou asociacións cando sexa preciso e con autorización da familia en caso de ser centros privados que atendan a determinado alumnado. | |
| ACTUACIÓNS | RESPONSABLES |
| <ol style="list-style-type: none"> 1. Adaptar os contidos, obxectivos e metodoloxía ás necesidades do grupo. 2. Rexistro acumulativo de información relevante. 3. Coordinar os reforzos e apoios optimizando os recursos. 4. Reflexionar con cada alumno/a sobre a marcha do curso atendendo ao conxunto de factores que actúan sobre o proceso educativo: traballo persoal na escola e na casa, funcionamento do grupo, actuación do profesorado, programas, etc, buscando solución aos problemas que dificulten a adquisición de novos aprendizaxes. 5. Avaliar os resultados, a programación e o PAT no seu conxunto. 6. Recoller nun informe final o grao no que se conseguiron as distintas propostas recollidas na programación de aula. 7. Establecer as correccións necesarias para mellorar as accións do vindeiro curso | Equipo de ciclo Titores/as Equipo directivo Orientadora |
| ACTIVIDADES | TEMPORALIDADE |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Programacións de aula | Setembro- Outubro |

| | |
|---|-------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Recollida de información por parte de titores/as anteriores do grupo-aula, a través dos expedientes e/ou do departamento de orientación. ✓ Recollida de información mediante observación sistemática e entrevistas periódicas ao alumnado. Compromisos educativos. | Todo o curso |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Levar a cabo reunións de ciclo previas as sesións de avaliación para valorar evolución das programacións, do presente plan, etc. | Decembro, Marzo e Xuño |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Sesións de avaliación ✓ Reunións da CCP | Trimestrais Mensuais |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Actas das sesións de avaliación. ✓ Memoria de curso, de ciclo e de fin de etapa. ✓ Informe final sobre as adaptacións curriculares e os reforzos educativos. ✓ Informe final sobre os plans de recuperación e reforzo. | Xuño |

7.4.-Actividades de organización da aula para favorecer un clima axeitado para a convivencia e o traballo escolar:

| OBXECTIVOS | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ∞ Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PE do centro. ∞ Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación. ∞ Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos. ∞ Contribuír a unha adecuada relación e interacción coa comunidade educativa. ∞ Fomentar actitudes de respecto e tolerancia cara a todas as persoas. | |
| ACTUACIÓNS | RESPONSABLES |
| 1.- Consenso sobre o funcionamento e organización da aula: normas de clase; responsabilidades; convivencia... | Titores/as Equipo ciclo Orientación |
| 2.- Participación dos alumnos, individualmente e como grupo, nas actividades do centro. | |
| 3.- Fomento dos valores dentro do proceso educativo incidindo no cambio de actitudes: solidariedade, xustiza, tolerancia, paz, liberdade, sinceridade... | |
| 4.- Coñecer os propios sentimentos, expresalos, comprender os sentimentos dos outros (empatía), expresar o afecto, recuperarse dos fracasos e frustracións, habilidade para recompensarse, mellora da confianza en si mesmo. (Programa RETO) | |
| 5.- Actividades dirixidas a: emitir condutas que afirmen o ratifiquen a propia opinión, sen empregar condutas agresivas cara os demais. | |
| ACTIVIDADES | TEMPORALIDADE |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Presentación do plan de convivencia do centro. ✓ Redacción das normas que van regular o funcionamento da aula durante ese curso. ✓ Elección de encargados con diferentes responsabilidades. ✓ Tratamento de temas transversais no currículo. | Setembro |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Preparación e participación nas actividades complementarias e celebracións programadas na PXA | Todo o curso |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Programa de mellora da autoestima e desenvolvemento de habilidades sociais ✓ Actividades encamiñadas á mellora da autoestima, autocontrol, etc | |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Posta en común despois do recreo para detectar posibles conflitos ou | |

| | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> comportamentos agresivos, buscando solucións. ✓ Explicar o emprego do Recuncho da Amizade e do Banco da Paz. ✓ Traballar as normas de aula nas rutinas diarias e sempre que a situación o requira. Elaborar cartel visible coas normas de aula. | |
|---|--|

7.5.-Actividades para desenvolver actitudes, hábitos, estratexias e técnicas de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe “aprendendo a aprender”:

| OBXECTIVOS | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ∞ Prever as dificultades de aprendizaxe evitando, no posible, o baixo rendemento, o fracaso, o abandono e a inadaptación escolar. ∞ Integrar progresivamente as técnicas e estratexias de traballo intelectual no proceso de aprendizaxe interiorizando un método persoal de traballo. ∞ Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as. ∞ Implicar a todo o equipo docente nestas actividades para que sexan planificadas e plenamente desenvolvidas nas diferentes áreas. | |
| ACTUACIÓNS | RESPONSABLES |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Actividades de sensibilización sobre a necesidade que supón a adquisición, dominio e aplicación dun plan de traballo persoal dende pequenos por parte dos alumnos/as e coa colaboración e seguimento da familia. ✓ Adquisición, mellora e afianzamento dos hábitos, estratexias e técnicas de traballo intelectual: <ul style="list-style-type: none"> 1. Estratexias de enriquecemento cognitivo: solución de problemas, creatividade, razoamento, metacognición. 2. Hábitos e técnicas: motivación, hábitos de estudo, destrezas instrumentais. | Titores/as Orientación Especialistas |
| ACTIVIDADES | TEMPORALIDADE |
| <ul style="list-style-type: none"> ✓ Programa de mellora de hábitos de estudo para cursos do 3º ciclo de primaria. ✓ Actividades encamiñadas á mellora dos hábitos básicos de traballo de aprendizaxe, de destrezas instrumentais e de técnicas motivacionais. ✓ Favorecer o aprendizaxe autónomo e a autoresponsabilidade no proceso de ensino-aprendizaxe. | Planificación en Setembro e desenvolvemento ó longo do curso |

7.6.-Actividades para a coordinación do profesorado diante da función titorial:

| OBXECTIVOS |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ∞ Establecer unha liña de comunicación e información permanente entre o equipo docente do grupo de alumnos/as. ∞ Facilitar toda a información relevante que como titor/a teña de cada alumno/a ao resto de equipo docente do grupo-aula. ∞ Coordinarse co equipo docente do seu ciclo e dos outros ciclos. ∞ Proporcionar ao alumnado unha intervención educativa adecuada conforme ás súas aptitudes, necesidades e intereses, a través dunha acción titorial e orientadora individualizada e planificada. ∞ Implicar a todo o equipo docente nestas actividades para que sexan planificadas e plenamente desenvolvidas nas diferentes áreas. ∞ Favorecer procesos de mellora educativa a través da programación de actividades formativas por parte dos equipos docentes e a coordinación co equipo directivo e o departamento de orientación. ∞ Contribuír á mellora da coordinación e asegurar a continuidade educativa do alumnado entre os |

| distintos ciclos e/ou etapas e, no caso, na transición dun centro a outro. ∞ Coordinar o proceso avaliador do alumnado. | |
|--|---|
| ACTUACIÓNS | RESPONSABLES |
| ✓ Realizar unha acción coordinada entre os distintos estamentos do centro en relación cos obxectivos, proxectos e actividades fixadas no PAT. | Equipo directivo Titores/as |
| ✓ Colaborar na elaboración e revisión do PAT ✓ Presentar ao alumnado e ás familias os plans e programas anuais demandando a súa colaboración | Titores/as Equipos ciclo |
| ✓ Definir e asumir por parte de todo o profesorado os criterios de promoción. ✓ Analizar, establecer e concretar as medidas de atención (curriculares e organizativas) que se deriven da decisión de promoción. | Titores/as Equipos ciclo Orientación |
| ✓ Organización das sesións de avaliación inicial, continua e final; sen esquecer a avaliación da propia función docente. | Titores/as Equipos de ciclo Orientación Equipo directivo |
| ACTIVIDADES | TEMPORALIDADE |
| *Organizar o calendario de reunións, elaborando os guións e concretando as propostas e conclusións. | Ao longo do curso |
| *Sesións de elaboración e revisión do P.A.T. | Trimestralmente |
| *Desenvolver as accións titoriais de acordó cos plans establecidos, incidindo nas prioridades fixadas. *Programa para enfocar a transición entre etapas. | Ao longo do curso |
| *Reunións de equipos. | Mensuais |
| *Reunións de ciclo. | |
| *REunións de CCP. | |

8.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DO P.A.T. POR CICLO:

8.1.- Actuacións comúns en tódolos ciclos:

- Impulsar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Realizar a avaliación inicial.
- Actualizar a comezo de curso e ao longo do mesmo os datos do alumnado.
- Actualizar o expediente do alumnado.
- Participar no deseño e desenvolvemento dos programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno/a e á promoción da convivencia: estimulación da linguaxe, educación emocional...
- Participar no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou plans, nos termos que se establezan.
- Desenvolver as actuacións previstas no Programa de Acollida.

- Colaborar na posta en práctica do protocolo do centro de urxencias e enfermidades crónicas, especialmente coas autorizacións da medicación do seu alumnado e tendo ao día a carpeta vermella de cada aula co censo de alumnado con posibles alerxias ou circunstancias que deba coñecer o resto do profesorado.

- Actualizar a comezo do curso, e ao longo do mesmo, as posibles alerxias ou enfermidades crónicas que poidan ter os alumnos/as do seu grupo e dalas a coñecer ao equipo directivo e ao resto do equipo docente.

- Promover entre o alumnado o coñecemento das propias potencialidades e favorecer un auto-concepto axustado sobre si mesmo.

- Traballar na aula distintas estratexias de meta-cognición.

- Fomentar valores e actitudes positivas cara á aprendizaxe.

- Favorecer o proceso de madurez persoal.

- Incidir na adquisición e mellora dos hábitos básicos de autonomía, de vida e de traballo.

- Establecer unha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.

- Transmitir ao resto do equipo docente que incida no seu grupo todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.

- Coordinar o seguimento persoal, da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.

- Organizar as sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste ás pautas elaboradas pola CCP, tratando de coordinar todo o relativo á intervención educativa e á promoción de cada alumno/a e responsabilizándose de cumprimentar a acta da sesión de avaliación.

- Controlar e informar sobre as incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo..., á xefatura de estudos.

- Colaborar co Departamento de Orientación naquelas actividades nas que se considere oportuno para dar unha adecuada resposta ás necesidades do grupo e do alumnado que presente n.e.a.e.

- Detectar e previr condutas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario.

- Desenvolver medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade. Para esta labor pode contar co apoio do departamento de orientación.

- Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro: dar a coñecer ao principio de curso as normas do centro e determinar as normas e procedementos de organización e funcionamento do grupo-clase (normas da aula, xestión de resolución de conflitos,...).

- Fomentar na aula un clima de confianza necesario para que o alumno/a se coñeza si mesmo e explore á contorna con liberdade cognitiva, a través da empatía, autenticidade e respecto do titor/a.
- Fomentar o uso de técnicas e estratexias positivas de resolución de conflitos na aula.
- Fomentar na aula unha cultura de cooperación entre iguais para fomentar o desenvolvemento da aprendizaxe e habilidades cognitivas sociais.
 - Fomentar o uso de estratexias participativas e democráticas que faciliten o desenvolvemento
 - Obter información relevante para o proceso de ensino-aprendizaxe nas entrevistas coas familias.
 - Realizar unha primeira reunión xeral coas familias antes de finalizar o mes de outubro para informar sobre todo o relativo a: calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, normas organizativas do centro, colaboración da familia, etc.
 - Establecer canles de comunicación, información e participación recíprocos. Aplicación ABALAR, axenda, titorías.
 - Establecer un horario semanal de atención individualizada ás familias. Con carácter xeral a atención ás familias centrarase nos martes de 17 a 18h.
 - Informar regularmente ás familias sobre os progresos e dificultades do seu fillo/a, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación.
 - Asesorar ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos/as, orientando a súa implicación nas tarefas escolares e na promoción da autonomía, auto-coñecemento, auto-concepto e autoestima.
 - Promover, en colaboración co DO, actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
 - Poñer en coñecemento das familias das posibles medidas de atención á diversidade susceptibles de levar a cabo co seu fillo/a e solicitar a autorización pertinente. Así mesmo comunicar á familia cando esa medida é superada. Para este labor pode contar co apoio do departamento de orientación.
 - Procurar a colaboración das familias e o intercambio e análise de información en relación co desenvolvemento dos seus fillos/as, promovendo unha actitude serena, positiva, activa e responsable fronte as dificultades que se presenten.
 - Solicitar á familia colaboración no respecto de límites e no cumprimento das normas do centro.

8.2.- Actuacións no 2º ciclo de educación infantil:

- ✓ Desenvolver as actuacións previstas no Plan de Adaptación de EI.

- ✓ Incidir na adquisición de hábitos básicos de hixiene persoal, autonomía na vestimenta, responsabilidade respecto aos materiais e ao equipamento escolar, e cumprimento de rutinas e normas na aula.
- ✓ Coordinarse cos titores/as dos outros cursos da etapa para as actividades común.
- ✓ Colaborar co profesorado do 1º ciclo de primaria para favorecer a transición entre etapas tendo en conta a coherencia nas programacións didácticas e no proxecto educativo do centro.

8.3.- Actuacións no 1º ciclo de educación primaria:

- ✓ Favorecer a transición dende a etapa infantil seguindo o plan de acollida establecido.
- ✓ Establecer unha liña de coordinación entre os distintos niveis do ciclo.
- ✓ Establecer os criterios mínimos de nivel e de ciclo de xeito coordinado, así como os criterios de decisión de promoción de ciclo.
- ✓ Colaborar co profesorado de educación infantil para o traspaso de información sobre o alumnado.
- ✓ Colaborar asimismo co profesorado do 2º ciclo da etapa primaria para favorecer a transición do grupo-aula.
- ✓ Incidir especialmente na adquisición da lecto-escrita e competencias matemáticas básicas como pilares fundamentais para ter unha evolución favorable da aprendizaxe.
- ✓ Solicitar os apoios necesarios para a aula en función da dispoñibilidade do profesorado.
- ✓ Incidir especialmente na adquisición e mellora dos hábitos de traballo e autonomía persoal, buscando actividades que activen a motivación cara a aprendizaxe.

8.4.- Actuacións no 2º ciclo de educación primaria:

- ✓ Establecer unha liña de coordinación entre os distintos niveis do ciclo.
- ✓ Establecer os criterios mínimos de nivel e de ciclo de xeito coordinado, así como os criterios de decisión de promoción de ciclo.
- ✓ Colaborar co profesorado do ciclo anterior e do próximo, para o traspaso de información sobre o alumnado.
- ✓ Solicitar os apoios necesarios para a aula en función da dispoñibilidade do profesorado e das necesidades detectadas.
- ✓ Incidir especialmente na adquisición e mellora dos hábitos de traballo e autonomía persoal, buscando actividades que activen a motivación cara a aprendizaxe.

8.5.- Actuacións no 3º ciclo de educación primaria:

- ✓ Establecer unha liña de coordinación entre os distintos niveis do ciclo.
- ✓ Establecer os criterios mínimos de nivel e de ciclo de xeito coordinado, así como os criterios de decisión de promoción de ciclo e de etapa.
- ✓ Colaborar co profesorado do 2º ciclo da etapa primaria para favorecer a transición do grupo-aula.
- ✓ Colaborar co IES adscrito ao centro para favorecer a transición do grupo-aula no cambio de etapa.
- ✓ Incidir especialmente na adquisición de hábitos de estudo, técnicas de memorización, función executivas, organización do traballo, motivación cara a aprendizaxe, etc. Favorecendo así a evolución do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- ✓ Solicitar os apoios necesarios para a aula en función da dispoñibilidade do profesorado e das necesidades que se presentan.
- ✓ Organizar xornadas de información e de portas abertas co instituto adscrito ó longo do 3º trimestre do 6º curso de primaria. Coa colaboración do departamento de orientación.

9.- CONTRIBUCIÓN DO DEP. DE ORIENTACIÓN Á REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO P.A.T.:

| OBXECTIVOS |
|---|
| <ul style="list-style-type: none">∞ Coa Xefatura de estudos, establecer criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías.∞ Coordinar a acción titorial por niveis, ciclos e etapas.∞ Posibilitar o deseño e desenvolvemento das programacións titoriais.∞ Colaborar no seguimento do proceso ensino–aprendizaxe.∞ Realizar avaliacións psicopedagóxicas cando sexa preciso.∞ Facilitar aos titores/as e profesorado técnicas e estratexias para mellorar a realización de actividades e relación cos alumnos/as, co profesorado, e coas familias, cando o demanden.∞ Promover a formación de titores/as e profesorado mediante a auto-formación e participación en actividades de formación planificadas, coñecemento de bibliografía de interese, documentos lexilativos, estudos científicos, etc.∞ Avaliar o plan no seu conxunto |
| ACTUACIÓNS |
| <ul style="list-style-type: none">✓ Revisión do PAT, tendo en conta as directrices marcadas pola CCP. Concretar as actividades comúns e específicas para cada nivel, ciclo e etapa.✓ Reunións periódicas co xefe de estudos e os titores/as de cada ciclo para planificar, coordinar e avaliar as actuacións conxuntas e individuais✓ Asesorar ós titores sobre as responsabilidades e tarefas da titoría.✓ Seleccionar e elaborar materias de traballo para as titorías.✓ Asesorar sobre o desenvolvemento evolutivo do alumnado.✓ Participar no desenvolvemento titorial na aula.✓ Participar en reunións coas familias.✓ Asesorar e atender ao alumnado e familias.✓ Formular propostas na CCP. |

- ✓ Asesorar en procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Participar na avaliación: inicial, continua, final e promoción.
- ✓ Detección das necesidades educativas máis frecuentes en cada ciclo.
- ✓ Seguimento do alumnado con maiores necesidades específicas.
- ✓ Estudo de casos individuais: clarificar a demanda; entrevista; elección de técnicas de avaliación; valoración diagnóstica.
- ✓ Determinación medidas educativas.
- ✓ Orientación sobre intervención educativa.
- ✓ Exploración colectiva: desenvolvemento madurativo, desenvolvemento da linguaxe... Aprendizaxes instrumentais básicos (exactitude e comprensión lectora, vocabulario, numeración, operacións, resolución de problemas...) Aptitudes intelectuais e aspectos básicos do currículo.
- ✓ Asesoramento en técnicas de dinámicas de grupos, relacións interpersoais, etc.
- ✓ Difusión de documentos e bibliografía sobre temas educativos.
- ✓ Información sobre actividades e cursos de formación.
- ✓ Colaboración co Xefe de Estudos na proposta de plans de formación no Centro.
- ✓ Recollida das demandas dos titores/as.
- ✓ Propostas dende o D.O e estudo conxunto das formas de intervención máis axeitadas.
- ✓ Indicación dos procedementos e instrumentos para a avaliación.
- ✓ Elaboración da memoria do PAT

ACTIVIDADES

- Reunións iniciais coa CCP, Xefe de Estudos e titores
- Achega do material de tutoría elaborado
- Entrevistas, orientacións, charlas e reunións coas familias e alumnado
- Entrevistas individuais con titores e alumnos
- Reunións da CCP
- Sesións de avaliación: Inicial: dinámicas de adaptación-integración, cuestionarios ás familias. Continua: elaboración de protocolos de informe individualizado e fichas de seguimento. Final: sesións de avaliación final de ciclo, exploración colectiva complementaria, reunións de traspaso de información cos titores seguintes. De promoción: colaborar nas decisións de promoción do alumnado e das decisións que se deriven.
- Organizar, planificar e face-lo seguimento de apoios, reforzos, ACS...

10.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:

A avaliación e seguimento do Plan de Acción Titorial debe favoreceR a reflexión conxunta sobre a planificación da práctica titorial. O seguimento realizarase ao longo do curso e, ao final do mesmo efectuarase a avaliación do plan, reflectindo a mesma nunha memoria coas conclusións e propostas de mellora aplicables para seguintes cursos académicos. A información obtida proporcionará a retroalimentación necesaria sobre a efectividade da acción titorial e pode axudar na revisión e, incluso, na modificación do Plan.

Por outra banda, debe proporcionarnos información para comprobar si satisface ás necesidades do profesorado, das familias e, especialmente, do alumnado, pois son os principais destinatarios e receptores

de dita intervención. Esta tarefa require unhas estratexias e instrumentos de recollida de información que deben ser deseñados e axustados ás características da situación. Os principais criterios de avaliación a ter en conta serán os seguintes:

- ❖ Coherencia entre o Plan e o resto de documentos do centro (PE, PXA, PXAD)
- ❖ Grao de implicación dos distintos órganos e membros da comunidade educativa: equipo directivo, CCP, DO, equipos de dinamización, equipos de ciclo, profesorado titor, profesorado especialista.
- ❖ Complementariedade con outros programas do centro.
- ❖ Grado de aceptación por parte do profesorado, alumnado e familias.
- ❖ Grao de apoio por parte do profesorado, alumnado e familias.
- ❖ Adecuación das decisións tomadas referentes á organización e á asignación de recursos.
- ❖ Grao de adecuación dos obxectivos e contidos ás necesidades e características da comunidade educativa.
- ❖ Distribución adecuada dos obxectivos, contidos e actividades para cada etapa e nivel.
- ❖ Grao de cumprimento dos obxectivos.
- ❖ Grao de cumprimento dos principios metodolóxicos e organizativos do plan.
- ❖ Implicación do profesorado na implementación de novas metodoloxías e participación en actividades de formación.
- ❖ Grao de acerto no conxunto de decisións organizativas.
- ❖ Valoración da selección de actividades
- ❖ Previsión dun sistema de axuste inicial ás carencias e dificultades detectadas.
- ❖ Coordinación e traballo de equipo dos implicados na elaboración do Plan.
- ❖ Adecuación da temporalidade das actuacións previstas no plan.
- ❖ Intervencións dos titores/as.
- ❖ Clima das aulas e do centro.
- ❖ Participación do alumnado.
- ❖ Relacións titores/as-familias-alumnos/as.
- ❖ Valoración da avaliación continua e revisión do Plan.
- ❖ Dificultades xurdidas ó longo do curso na aplicación do PAT.

C.E.I.P. PLURILINGÜE PONTE DO PORTO

XANEIRO 2023